

Primaria

Valores Sociais e Cívicos 3

Programación

Trimestre 3

1. Presentación do trimestre
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos do trimestre/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DO TRIMESTRE

Título

Convivimos en sociedade.

Descrición do trimestre

A ruta de círculos concéntricos de dentro cara a fóra que se propón neste libro acaba abordando aspectos dun carácter máis social, responsabilidades que os nenos teñen que ir adquirindo non tanto ante persoas concretas como ante situacións ou institucións.

Neste trimestre trátanse temas relativos á amizade (15) e ó compañeirismo (19), así como ás normas das localidades nas que vivimos (16) ou relacionadas co tráfico (21). Igualmente, estudáronse outros dous asuntos co obxectivo de achegar pautas para mellorar a relación cos demais dun xeito xeral (17 e 18).

Por medio das diferentes actividades propostas nas unidades deste trimestre, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- É importante cumprir coas normas dos diferentes ámbitos nos que nos movemos.
- Temos que coñecer as normas do lugar no que vivimos e tamén as normas de tráfico, especialmente as dirixidas aos peóns, nun primeiro momento. E, moi importante tamén, debemos respectalas, porque nos benefician.
- Aprendemos a relacionarnos de xeito asertivo, respectuoso e pacífico.
- Apreciamos as relacións de compañeirismo e de amizade.
- Procuramos reciclar para conservar o medio.
- Os nenos tamén están obrigados a cumprir as normas de tráfico.

Temporalización:

Unidade 15. Os meus amigos	Abril	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 16. O noso sentido común	Abril	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 17. Podo dicir que non?	Abril	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 18. Non nos facemos dano	Abril	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>
Unidade 19. Os meus compañeiros	Maio	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Unidade 20. Coidamos o medio	Maio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
Unidade 21. Imos á rúa	Xuño	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aprender, recordar e recoñecer as normas de conduta máis importantes.
- Coñecer e asumir as responsabilidades que corresponden aos nenos tanto no colexio coma no fogar e na rúa.
- Aprender os aspectos beneficiosos que ten o feito de que cada cal cumpra coas súas obrigas.
- Desenvolver estratexias que contribúan a mellorar as relacións sociais.

3. CONTIDOS DO TRIMESTRE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • A nosa relación cos amigos. • Somos respectuosos coas normas. • Aprendemos a dicir «non». • Non nos facemos dano. • A nosa relación cos compañeiros. • Conservamos o medio. • Somos precavidos na rúa e na estrada. 	1. Valorar a amizade e os seus beneficios.	1.1. Distingue os trazos máis importantes da relación de amizade. 1.2. É capaz de manter relacións amigables.
	2. Recoñecer e respectar as normas sociais.	2.1. Respecta as normas sociais. 2.2. Entende e explica a importancia do cumprimento das normas.
	3. Empregar a asertividade.	3.1. Valora e trata de aplicar a asertividade.
	4. Resolver os conflitos de xeito pacífico.	4.1. Distingue e recoñece diferentes actitudes ante os conflitos. 4.2. Resolve conflitos de xeito construtivo. 4.3. Rexeita as actitudes violentas.
	5. Contribuír á mellora do ambiente entre os compañeiros de clase e practicar o altruísmo no ámbito escolar.	5.1. Entende as implicacións de compartir tarefas cos compañeiros. 5.2. Interactúa adecuadamente cos seus compañeiros de clase. 5.3. Móstrase xeneroso cos seus compañeiros. 5.4. Entende as vantaxes do altruísmo.
	6. Contribuír á conservación do medio.	6.1. Interésase polo seu ámbito natural e razoa as vantaxes da súa adecuada conservación. 6.2. Adquire conciencia da importancia do respecto á natureza.
	7. Coñecer as normas de seguridade vial e os riscos de accidente.	7.1. Entende que son as normas de seguridade vial e valóraas adecuadamente. 7.2. Expón medidas que contribúen a evitar accidentes de tráfico.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Distingue os trazos máis importantes da relación de amizade. 1.2. É capaz de iniciar relacións amigables.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades da unidade 15 do A. • Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.
2.1. Respecta as normas sociais. 2.2. Entende e explica a importancia do cumprimento das normas.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades da unidade 16 do A. • Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.
3.1. Valora e trata de aplicar a asertividade.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades das unidades 17 e 19 do A. • Actividades complementarias da PD.
4.1. Distingue e reconece diferentes actitudes ante os conflitos. 4.2. Resolve conflitos de xeito construtivo. 4.3. Rexeita as actitudes violentas.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades das unidades 17-19 do A. • Actividades complementarias da PD.
5.1. Entende as implicacións de compartir tarefas cos compañeiros. 5.2. Interactúa adecuadamente cos seus compañeiros de clase. 5.3. Móstrase xeneroso cos seus compañeiros. 5.4. Entende as vantaxes do altruísmo.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades das unidades 18 e 19 do A. • Selección de actividades complementarias da PD. • Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.
6.1. Interésase polo seu ámbito natural e razoa as vantaxes da súa adecuada conservación. 6.2. Adquire conciencia da importancia do respecto á natureza.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades da unidade 20 do A. • Actividades complementarias da PD.
7.1. Entende que son as normas de seguridade vial e valóraas adecuadamente. 7.2. Expón medidas que contribúen a evitar accidentes de tráfico.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades da unidade 21 do A.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Captar o sentido das expresións orais.	Comprende o que din o seu mestre e os seus compañeiros.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.	Reduce o consumo e recicla e reutiliza os materiais para favorecer a conservación do medio.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Avalía a aprendizaxe para retroalimentar o coñecemento.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	É respectuoso cos demais, coñece as súas obrigas e trata de cumprilas.
	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

6. TAREFAS

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Coñecemos e apreciamos a amizade.

- Valoramos a importancia da relación de amizade.
- Entendemos os beneficios do altruísmo.

Tarefa 2: Coñecemos e asumimos normas sociais.

- Coñecemos normas propias da convivencia social.
- Entendemos o sentido protector das normas comúns.
- Realizamos as tarefas que se nos encomendan.

Tarefa 3: Empregamos estratexias de asertividade.

- Coñecemos e utilizamos recursos para dicir «non» correctamente.
- Escoitamos aos demais con atención e respecto.
- Tratamos aos compañeiros e profesores adecuadamente.

Tarefa 4: Coñecemos e aplicamos as normas de conduta en distintos ámbitos.

- Recoñecemos que hai maneiras correctas e incorrectas de comportarse no colexio e no lugar no que vivimos.
- Realizamos os exercicios das unidades 16 e 19-21 do A.

Tarefa 5: Comportámonos correctamente no colexio.

- Valoramos e respectamos os compañeiros.
- Realizamos correctamente as actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.

Tarefa 6: Somos peóns coidadosos.

- Coñecemos as normas de tráfico que lles afectan aos peóns.
- Actuamos de maneira que contribúa a evitar accidentes de tráfico.

Tarefa 7: Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso do terceiro trimestre do A.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na Proposta didáctica para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos:

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerado tradicional ou dixital.
- Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
- Lapis de cores e rotuladores.
- Tesoiras e pegamento.
- Reprodutor de CD e música variada.
- Posits.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Repaso do terceiro trimestre («Recordamos o que aprendemos») no A.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento das unidades deste trimestre?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento das unidades deste trimestre?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe das unidades deste trimestre?
- Que é o que mellor funcionou nas unidades deste trimestre?
- Que cambiaría no desenvolvemento das unidades de cada trimestre o próximo curso? Por que?